GRADUADA/O EN ENFERMARÍA

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO

Aprobado en Xunta de Escola do 9 de novembro de 2026

Regulamento dos traballos fin de grao (TFG) da titulación de Grao en Enfermería impartida na Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, centro adscrito á Universidade da Coruña

PREÁMBULO 2
CAPÍTULO I. Disposicións xerais 3
Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación 3
Artigo 2. Normativa aplicable 3
CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG 3
Artigo 3. Matrícula do TFG 3
Artigo 4. Realización do TFG 4
CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados 4
Artigo 5. Oferta e asignación do TFG 4
Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos 6
CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación 8
Artigo 7. Defensa do TFG 8
Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG 11
CAPÍTULO V. Disposicións finais 12
Disposición derrogatoria. Derrogación normativa 12
Disposición final primeira. Habilitación 12
Disposición final segunda. Entrada en vigor 13

PREÁMBULO

Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do traballo fin de grao (TFG) e do traballo fin de mestrado universitario (TFM) da Universidade da Coruña (UDC), actualmente vixente, co obxectivo de garantir unha xestión homoxénea, transparente e eficiente dos traballos fin de estudos de grao na titulación de Grao en Enfermaría impartida na Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este regulamento ten por obxecto regular a oferta, asignación, realización, defensa e avaliación dos TFG na titulación de Grao en Enfermaría impartida na Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, centro adscrito á UDC.

2. Será de aplicación a todo o estudantado matriculado na materia TFG da titulación da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña regulada por esta normativa, de acordo co disposto na normativa xeral da UDC.

Artigo 2. Normativa aplicable

1. Este regulamento desenvólvese en aplicación da Normativa reguladora da matrícula e a defensa do TFG e do TFM da UDC, actualmente vixente. En todo caso, nos aspectos non regulados ou que a contradigan, prevalecerá sempre esta última.

2. A Comisión de Garantía de Calidade (CGC) será o órgano encargado de xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación deste regulamento segundo o acordado na Xunta de Escola (XE).

3. O TFG na titulación de Grao en Enfermaría da UDC impartida na Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña, consta de 6 créditos que se realizarán no segundo cuadrimestre do cuarto curso. Estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título, tal como prevé a ORDEN CIN/2134/2008, pola que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión enfermeira.

CAPÍTULO II. Matrícula e realización do TFG

Artigo 3. Matrícula do TFG

1. A matrícula do TFG realizarase dentro do prazo que estableza a Universidade, para o cal efectuará o aboamento dos prezos públicos que correspondan, conforme aos créditos que teña asignados.

2. Para formalizar a matrícula do TFG, o alumnado poderá ter pendentes como máximo 78 créditos para completar os estudos, incluídos os correspondentes ao TFG, e deberá matricularse tamén de todas as materias necesarias para rematar o plan de estudos da titulación, todo isto sen prexuízo de posibles excepcións que se recollan na Normativa de xestión académica da UDC.

3. As/os estudantes que participen en programas de mobilidade saínte ou dobres titulacións con outras universidades españolas ou estranxeiras, poderán matricularse do TFG mentres realizan o dito programa de mobilidade ou a estancia na outra universidade. O seu réxime será establecido regulamentariamente.

4. A matrícula dará dereito á defensa do TFG en dúas oportunidades no curso en que estea matriculado a/o alumna/o, e sempre que cumpra os requisitos para a súa avaliación.

5. No caso de que a/o estudante non obteña unha avaliación positiva, non concorra a ningunha das oportunidades da convocatoria ou non reúna os requisitos para presentar o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico e aboar os prezos públicos correspondentes aos créditos do TFG para poder dispor dunha nova convocatoria.

Unha vez formalizada a matrícula do TFG non procederá a devolución dos prezos aboados por ningunha das causas sinaladas anteriormente.

Artigo 4. Realización do TFG

1. O TFG supón a realización por parte de cada estudante, de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a dirección de, polo menos, un membro do PDI propio do centro que actuará como director/a do traballo.

2. O/a director/a será responsable de orientar no desenvolvemento do TFG, realizar o seguimento da elaboración e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.

O TFG poderá ser dirixido por un máximo de dúas persoas, director/a e codirector/a. A función do/a codirector/a é dar apoio e orientación en temas e/ou ámbitos específicos nos que se desenvolva o TFG.

De ser o caso, a/o estudante deberá presentar unha solicitude motivada á presidenta da CGC para a súa aprobación. Nesta solicitude deberá constar a conformidade do/a director/a.

3. O TFG ten como obxectivo esencial a demostración, por parte da/o estudante, do dominio e aplicación dos coñecementos, competencias e habilidades acadados na titulación oficial de grao.

Os temas que se propoñan para a realización do TFG, tanto polo seu nivel de análise como pola súa extensión e polos seus obxectivos, deberán poder desenvolverse nun número de horas equivalente aos 6 créditos asignados a este traballo no plan de estudos e coa duración que alí se estableza.

CAPÍTULO III. Oferta, asignación e dereitos asociados

Artigo 5. Oferta e asignación do TFG

1. O órgano competente na xestión do proceso relativo aos TFG, determinado pola XE, é a CGC, órgano ao que compete asegurar que se aplique o Regulamento de TFG aprobado en XE en vixencia nese momento.

2. Os temas ou as liñas dos TFG, de acordo ao contemplado na Memoria verificada do título, deberán adscribirse aos seguintes campos temáticos:

Bloque I.- Práctica profesional, ética e legal.

Bloque II.- Educación e bases teóricas e metodolóxicas da Enfermaría.

Bloque III.- Prestación e xestión de coidados enfermeiros.

Bloque IV.- Comunicación terapéutica e relacións interpersoais

3. A CGC aprobará e publicará un documento cos temas e número máximo de estudantes que vai dirixir cada profesor/a, previo a data de elección de director/a polo alumnado. A CGC debe establecer unha proposta de número suficiente de ofertas para asegurar que a totalidade de alumnado matriculado de TFG dispoña de director/a.

4. A elección de director/a polo alumnado realizarase de xeito presencial na data que o centro determinar. O expediente académico utilizarase como criterio para establecer a orde de prioridade na elección.

5. A CGC aprobará e publicará a proposta de asignación provisional na que se incluirá un período de reclamación.

6. A CGC publicará a listaxe definitiva unha vez resoltas as reclamacións, se as houber. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, sempre que a CGC o autorizar.

7. Se o alumnado realizase a matrícula no período ordinario, os procedementos establecidos nos epígrafes 3, 4, 5 deberán estar finalizados antes do 30 de novembro.

8. Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 3, 4, 5 deberán estar finalizados antes do 30 de marzo.

9. Os estudantes poderán elixir entre os seguintes tipos de traballos:

Traballo de Revisión Bibliográfica.
Permite ao estudantado identificar, analizar e resumir a literatura existente para determinar o coñecemento actual sobre un tema, área ou problema.

Deseño Proxecto de Investigación.
Permite ao estudantado realizar o deseño dun estudo co obxectivo de definir coidadosamente cada unha das partes que debe conter un traballo científico.

Traballo de Investigación.
Permite ao estudantado explorar, describir e analizar fenómenos relacionados coa actividade profesional.

Estudo de Caso.
Permite ao estudantado realizar a análise minuciosa dun caso para comprender en profundidade o problema de estudo.

O anexo I inclúe as indicacións para o desenvolvemento de cada tipo de traballo.

Artigo 6. Propiedade intelectual, confidencialidade e prevención de riscos

1. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual do TFG corresponderá, con carácter xeral, á persoa autora do traballo, de conformidade coa normativa da UDC e a lexislación vixente, sen prexuízo de que poidan compartirse eses dereitos se así o acordan o/a autor/a e as persoas implicadas na súa elaboración.

2. As medidas necesarias para garantir a protección da información sensible de persoas e/ou de institucións colaboradoras, sen menoscabar o carácter público do acto de defensa nin a avaliación académica dos traballos, van dirixidas a garantir a confidencialidade da información durante todo o proceso de oferta, realización, depósito, defensa, avaliación e publicación, naqueles traballos que polo seu carácter e tipoloxía así o requiran.

a) Estudo de Investigación. A realización dun estudo de investigación de ámbito clínico quedará suxeita sempre á aprobación do Protocolo de Investigación por parte do Comité de Ética da Investigación que lle corresponder. A realización dun estudo de investigación de ámbito non clínico, quedará suxeita a aprobación polo Comité Ético de Investigación da UDC.

   Na realización dun estudo de investigación, a/o estudante poderá solicitar a consideración de TFG de carácter reservado, debendo especificar e motivar as razóns da solicitude. Se a resolución á solicitude fora favorable, a entrega do TFG realizaríase en dúas versións: unha versión integra e outra versión, pública ou reducida. A defensa será de carácter público, as partes do traballo sometidas a confidencialidade exporanse exclusivamente ante o tribunal e as persoas autorizadas. A publicación posterior, de ser o caso, realizarase sobre a versión pública ou reducida.

b) Estudo de Caso. A realización dun TFG de estudo de caso baseado na información da realidade clínica, precisará contar co consentimento da persoa participante ou, de ser o caso, co do seu representante legal, o coñecemento e consentimento dos responsables clínicos da/o paciente na unidade/servizo e do/a titor/a de práctica clínica.

   A anonimización dos datos deberá garantir a confidencialidade e de non ser o caso, a/o estudante poderá solicitar a consideración de TFG confidencial de forma parcial, debendo especificar e motivar as razóns da solicitude. Se a resolución á solicitude fora favorable, a entrega do TFG realizaríase en dúas versións: unha versión integra e outra versión, pública ou reducida. A defensa será de carácter público, as partes do traballo sometidas a confidencialidade exporanse exclusivamente ante o tribunal e as persoas autorizadas. A publicación posterior, de ser o caso, realizarase sobre a versión pública ou reducida.

Se a exposición e publicación do TFG dun estudo de caso do ámbito clínico se realizar de forma integra, a/o estudante deberá solicitar a codirección dun profesional asistencial da unidade/servizo, que se responsabilizará de solicitar o consentimento co modelo de *Solicitude de autorización para acceso e publicación de datos de saúde como caso clínico/series de casos,* nas súas distintas modalidades, segundo a situación clínica e legal da/s persoa/s obxecto de estudo.

3. No depósito do traballo previo á defensa, a/o estudante deberá presentar dúas versións da memoria:

a) Versión íntegra, que incluirá a totalidade do contido e quedará depositada na secretaría do centro con acceso restrinxido.
b) Versión pública ou reducida, da que se excluirán as partes sometidas a confidencialidade. Nesta versión inseriranse, no lugar dos apartados suprimidos, breves textos explicativos que indiquen de forma xeral a natureza da información omitida, de modo que se manteña a coherencia do conxunto. Ambas as versións deberán incorporar un preámbulo en que conste que o traballo contén información confidencial e se identifique a entidade ou persoa titular da devandita información.

4. O centro custodiará a versión íntegra e garantirá que a súa consulta se limite unicamente ás persoas autorizadas conforme a resolución de confidencialidade.

5. Os membros do tribunal avaliador serán informados pola Secretaria Académica, coa antelación suficiente, de que o TFG se atopa sometido ao presente compromiso de confidencialidade. Antes de recibir o exemplar completo do traballo para a súa avaliación, os membros do tribunal deberán asinar o compromiso de confidencialidade conforme o modelo establecido pola Universidade para estes efectos, segundo a Normativa pola que se regula a confidencialidade para o desenvolvemento de prácticas académicas externas curriculares, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de estudos de formación permanente na Universidade da Coruña.

6. O acto de defensa será de carácter público, pero as partes do traballo sometidas a confidencialidade exporanse exclusivamente ante o tribunal e as persoas autorizadas. O/a presidente/a do tribunal poderá acordar que esas seccións se desenvolvan a porta pechada, a petición do/a estudante ou da persoa directora. Será responsabilidade do/a estudante comunicar esta circunstancia ao/á presidente/a do tribunal para que adopten as medidas oportunas.

7. Sempre que se adopten as medidas previstas neste protocolo para salvagardar a información reservada, o/a estudante non poderá alegar confidencialidade para evitar expor partes do seu traballo ou responder as preguntas do tribunal.

8. Os traballos sometidos a confidencialidade serán avaliados de acordo cos mesmos criterios académicos que o resto dos traballos do título, e deixarase

constancia expresa na acta de que o procedemento se desenvolveu respectando as condicións de confidencialidade autorizadas.

9. Finalizado o proceso de avaliación, o centro custodiará a documentación xerada no marco do procedemento de confidencialidade, garantindo a súa conservación e acceso restrinxido conforme a normativa vixente.

10. Na fase de publicación, a versión pública ou reducida do traballo poderá incorporarse ao Repositorio Institucional da UDC (RUC) nas condicións establecidas na resolución de confidencialidade e de acordo ao regulamento de TFG.

11. A publicación do traballo no repositorio institucional ou noutros medios quedará supeditada á súa desclasificación formal, que poderá solicitar a/o estudante, co visto e prace da dirección do traballo conforme ao modelo establecido pola Universidade para estes efectos, segundo a Normativa pola que se regula a confidencialidade para o desenvolvemento de prácticas académicas externas curriculares, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de estudos de formación permanente na Universidade da Coruña.

12. Os compromisos de confidencialidade e obrigas das persoas implicadas quedan establecidos segundo o recollido no capítulo IV da Normativa pola que se regula a confidencialidade para o desenvolvemento de prácticas académicas externas curriculares, traballos de fin de grao, traballos de fin de mestrado e traballos de fin de estudos de formación permanente na Universidade da Coruña.

CAPÍTULO IV. Defensa, avaliación e publicación

Artigo 7. Defensa do TFG

1. O TFG só poderá ser defendido e avaliado unha vez que se teña constancia de que a/o estudante superou todos os créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG.

No caso dos programas de mobilidade estarase ao previsto regulamentariamente.

No caso de estudantes con matrícula condicionada por non ter superado integramente o título de acceso a un mestrado e que soliciten a defensa de ambos os traballos de fin de estudos (TFG e TFM) no mesmo curso académico, deberán acompañar as solicitudes de defensa cunha declaración responsable en que deixen constancia do non solapamento dos obxectivos e resultados dos traballos e da manifesta diferenciación entre eles. A persoa que exerza como presidenta/e do tribunal que avalíe o TFM poderá solicitar á/ao estudante unha copia da memoria do TFG.

2. A defensa do TFG non requirirá autorización das persoas directoras do traballo.

3. O procedemento de solicitude de defensa e depósito do TFG realizarase a través da aplicación institucional, de acordo coas seguintes directrices xerais:

a) A/o estudante deberá formalizar a solicitude de defensa confirmando os datos de título, dirección, lingua e, se procede, modalidade de defensa.
b) A/o estudante deberá depositar un exemplar do traballo finalizado en versión pdf antes de finalizar o prazo establecido.
c) O traballo deberá estar redactado en galego ou en castelán.
d) O documento de entrega do traballo deberá cumprir coas seguintes directrices:

Extensión máxima de 50 páxinas, (incluídos ANEXOS), en formato A-4.

Tipo e tamaño da letra en todo o texto será Arial 11 puntos, con entreliñado de 1,15. O texto das figuras e táboas será Arial 9 puntos e entreliñado de 1,0.

Marxes de 3 cm. e texto xustificado.

O pé de paxina incluirá o título do traballo, que non ocupará mais dunha liña. No caso de títulos longos incluirase un título abreviado.

O paxinado na marxe inferior dereita.

e) O documento do TFG incluirá obrigatoriamente:

Portada. Realizarase cumprimentando o Anexo II (portada do Traballo de Fin de Grao).

Índice. Especificaranse os apartados e subapartados, numerados na marxe esquerda e paxinados na dereita.

Resumo. Redactado en galego, castelán e inglés.

Declaración sobre o uso de ferramentas de intelixencia artificial (IA). Deberá incluírse un apartado titulado “Uso de ferramentas de intelixencia artificial” antes do apartado correspondente ás referencias bibliográficas. Nel especificarase o nome da ferramenta empregada e o uso permitido da mesma: tradución de texto, mellora da lexibilidade e/ou do estilo da linguaxe. O uso da IA no traballo identificarase a través dunha cita bibliográfica no texto que corresponda.

No caso de non empregar ningunha ferramenta de IA, o alumnado deberá incluír a seguinte declaración: “Eu, [nome e apelidos], declaro que non se empregou ningunha ferramenta de intelixencia artificial para a elaboración deste traballo”.

f) O documento tamén poderá incluír:

Figuras e táboas. Serán citadas no texto de xeito correlativo e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada figura irá numerada na orde de citación no texto, antes de indicar o título breve ilustrativo da mesma, e irá acompañada, de ser o caso, da correspondente fonte bibliográfica.

Listaxe de abreviaturas. Irá incluída despois do índice. Cada abreviatura especificarase só a primeira vez que se empregue, no texto incluirase o termo completo e a abreviatura entre paréntese.

4. Para a defensa e avaliación do TFG, o/a estudante disporá dunha convocatoria por curso académico con dúas oportunidades, de conformidade co disposto na normativa xeral de avaliación da UDC.

5. As convocatorias de defensa do TFG realizaranse conforme ao previsto na normativa xeral da UDC e ao calendario académico oficial vixente. As datas da 2ª convocatoria deben axustarse á normativa de preinscrición e matrícula de mestrado, de tal modo que se garante que o estudantado de grao que finalice a súa titulación no mes de xuño poida dispor do prazo de preinscrición ordinario establecido nesa normativa.

a) As datas de entrega e os períodos de defensa do TFG estarán incluídos e publicados coa planificación das probas de avaliación oficiais no centro en cada curso académico.
b) O número de edicións establecidas polo centro é de tres por curso académico. De ser necesario, programarase outra edición de defensa antes da data límite de sinatura e entrega das actas do correspondente curso académico.

   As datas aproximadas de celebración das tres edicións son:

   Primeira edición. Período de entrega no mes de xaneiro e defensa no mes de febreiro.

   Segunda edición. Período de entrega e defensa no mes de xuño.

   Terceira edición. Período de entrega e defensa no mes de setembro.

c) As datas de sinatura e entrega de actas de avaliación dos TFG deben respectar o calendario académico oficial.

6. A defensa do TFG realizarase en acto público e presencial, de acordo co establecido na normativa xeral da UDC e neste regulamento. Excepcionalmente, por causa debidamente xustificada, a/o estudante poderá solicitar a defensa do seu TFG en modalidade virtual, para o que presentará unha solicitude motivada e debidamente acreditada á directora da Escola, quen a resolverá unha vez comprobado que se dan as condicións legais, administrativas, técnicas, económicas ou doutra índole que xustifiquen esta modalidade de defensa. A data límite de solicitude será a mesma que a establecida de entrega do TFG en cada edición.

a) A defensa dos TFG terá carácter individual e público, e o traballo será obxecto de avaliación formal por parte dun tribunal académico.
b) A metodoloxía de defensa será a través de comunicación oral, podendo utilizar recursos de apoio con medios informáticos e audiovisuais.
c) O tempo de exposición será dun máximo de 10 minutos. Tras a exposición, establecerase un período máximo de 15 minutos para responder aos requirimentos que puideren formular os membros do tribunal.

d) A presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados no proceso formativo, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.
e) As particularidades de cada curso académico relativas ao procedemento de defensa, de entre os establecidos neste regulamento, así como os criterios de avaliación aplicables en cada modalidade, recolleranse na guía docente da materia TFG, de acordo co plan de estudos e co acordado pola CGC, competente en materia de TFG.

Artigo 8. Avaliación e tribunais de TFG

1. Os TFG serán avaliados por un tribunal nomeado e constituído para tal fin. O/a director/a do TFG non poderá formar parte do tribunal.

2. O número de tribunais nomeados en cada edición quedará suxeito ao número de TFG que se presenten en cada unha das edicións.

3. A configuración dos tribunais de avaliación dos TFG de tipoloxía Estudo de Caso, deberá incluír como mínimo dous dos tres membros de PDI do centro do ámbito de coñecemento de Enfermería.

4. Cada tribunal estará formado por tres persoas titulares e os correspondentes suplentes. Todas as persoas do tribunal, titulares e suplentes, deberán ser membros PDI do centro.

5. Cada tribunal contará cunha persoa que o presida, sendo esta a de maior rango académico. A CGC será quen determine os membros que exerzan as funcións de secretaria/o e de vogal.

6. A responsabilidade da resolución das incidencias durante o proceso de avaliación correspóndelle a/o presidenta/e do tribunal. A emisión e sinatura das actas e a custodia da documentación do proceso correspóndelle á/ao secretaria/o.

7. A CGC seleccionará de entre todos os docentes, os membros de cada tribunal avaliador e os estudantes asignados a cada un dos tribunais.

8. A CGC establecerá as datas para a defensa dos TFG, segundo os períodos do calendario académico da UDC.

9. A Secretaria Académica será a encargada de publicar lugar, data e horario da defensa dos TFG, segundo o acordado pola CGC. Esta publicación farase cunha antelación mínima de 5 días naturais á defensa.

10. O tribunal establecerá a cualificación aplicando os criterios de avaliación descritos na guía docente. A/o Secretaria/o do Tribunal cumprimentará a Acta de Cualificación, que se fará pública antes de que transcorran 72 horas dende a defensa do traballo.

11. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, á que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

a) 0-4,9 suspenso

b) 5,0-6,9 aprobado

c) 7,0-8,9 notable

d) 9,0-10 sobresaínte

12. Á mención de Matrícula de Honra poderase acceder con unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

13. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG, levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

14. O peche das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

15. A CGC seleccionará os traballos que serán publicados no RUC da UDC.

16. A/o estudante deberá autorizar a publicación do seu TFG no RUC, no proceso de depósito do traballo en SIGMA. De non ser rexistrado este permiso, entenderase que non autoriza a súa publicación no RUC da UDC.

O/a director/a do TFG deberá autorizar, así mesmo, a súa publicación no RUC e, de non autorizar, deberá informar de forma argumentada da non autorización.

O tribunal avaliador, se considera que o TFG non cumprise os criterios de confidencialidade esixibles, deberá informar á Dirección do centro para que adopten as medidas necesarias para asegurar a confidencialidade da información antes de proceder a súa publicación no RUC.

CAPÍTULO V. Disposicións finais

Disposición derrogatoria. Derrogación normativa

Quedan derrogados todos os regulamentos de TFG previos, así como calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoña ao disposto no presente regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación

Facúltase á Dirección do centro para desenvolver esta normativa e interpretar as dúbidas que poidan xurdir da súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC, de conformidade coa Normativa reguladora da matrícula e defensa do TFG e TFM, e será de aplicación a partir do curso 2026/27.

A directora da Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña

María Inés Fernández Fraga

ANEXO I:

INSTRUCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA

1. **RESUMO**. O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: introdución e obxectivo/s, metodoloxía, resultados, conclusións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS.** Presentará o tema de estudo e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira. Os obxectivos estarán relacionados coa proposta de estudo e serán formulados de forma concisa.
3. **METODOLOXÍA**. Describirase o deseño do estudo e, cando proceda, a guía de verificación empregada. Incluirase a pregunta de investigación formulada segundo a estrutura metodolóxica correspondente. Especificaranse as fontes de información consultadas, o período temporal e a estratexia de busca utilizada. Detallaranse os descritores empregados, os operadores booleanos e os filtros aplicados. A estratexia de busca deberá ser equivalente en todas as bases de datos consultadas, realizando unicamente as adaptacións necesarias para axustala ás características específicas de cada unha delas. Definiranse os criterios de inclusión e exclusión dos estudos. Describirase o proceso de selección, sen proporcionar datos cuantitativos, incluíndo a eliminación de duplicados, a avaliación inicial de títulos e resumos e a revisión dos textos completos para comprobar o cumprimento dos criterios establecidos. Tamén se describirá o procedemento de extracción de datos, definindo previamente as variables de interese que se recollerán dos estudos incluídos na revisión. Cando proceda, xustificarase a selección da ferramenta de avaliación crítica da calidade metodolóxica empregada, que deberá estar adaptada ao deseño dos estudos incluídos. Detallaranse os ítems valorados, así como os criterios de avaliación utilizados para a clasificación do nivel de calidade dos estudos.
4. **RESULTADOS**. Recollerase o diagrama de fluxo do proceso de selección dos estudos, incluíndo os datos cuantitativos correspondentes a cada fase e os motivos de exclusión dos artigos avaliados a texto completo. Incluirase unha táboa descritiva cos estudos finalmente incluídos na revisión, na que se presentarán as variables definidas no apartado de metodoloxía. Os resultados presentaranse de forma clara, ordenada e concisa, dando resposta ao/s obxectivo/s formulado/s. Cando proceda, incluiranse os resultados da avaliación da calidade metodolóxica de cada estudo, indicando e xustificando a puntuación obtida e o nivel de calidade asignado en función dos ítems valorados e dos criterios de avaliación establecidos pola ferramenta empregada.
5. **DISCUSIÓN.** Presentará o resumo dos resultados principais no primeiro parágrafo. Realizarase unha interpretación global fundamentada, incluíndo comparacións entre os estudos da revisión e engadindo reflexións relevantes sobre outros estudos similares. Analizaranse posibles contradicións nos datos, identificaranse as posibles deficiencias no coñecemento científico, e discutiranse as posibles limitacións e fortalezas do estudo.
6. **CONCLUSIÓNS**. Presentará as conclusións extraídas da análise dos resultados e os futuros traballos ou liñas de investigación a desenvolver.
7. **BIBLIOGRAFÍA**. As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e/ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

DESEÑO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA

1. **RESUMO**. O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: introdución, obxectivo/s, metodoloxía e limitacións do estudo, beneficios ou aportacións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN**. Presentará o tema de estudo e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira.
3. **HIPÓTESE E OBXECTIVOS.** Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA.** Describirá o tipo de deseño, ámbito do estudo, poboación de referencia, criterios de inclusión e exclusión, captación e recrutamento, xustificación do tamaño da mostra, variables e instrumentos de medida, a intervención a realizar se procede, os procesos e as técnicas de recollida de datos e o método de análise utilizado.
5. **CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. Indicará o procedemento de solicitude ao Comité de Ética da Investigación (CEI), como requirimento previo á realización do estudo. De ser o caso, xustificará a non realización do procedemento de solicitude do requirimento de aprobación do CEI.
6. **LIMITACIÓNS E BENEFICIOS.** Describirá as posibles limitacións e beneficios que aportará o estudo.
7. **CRONOGRAMA.** Describirá de forma xeral o plan de traballo previsto para a realización do estudo.
8. **DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.** Indicaranse todos os medios de difusión dos resultados da investigación, que deberán ser afíns á temática do traballo.
9. **MEMORIA ECONÓMICA E FONTES DE FINANCIAMENTO.** Describirá de forma xeral o presuposto necesario para a realización do proxecto. Describirá as fontes de financiamento no ámbito da enfermaría.
10. **BIBLIOGRAFÍA.** As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e/ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

Aprobado en Xunta de Escola do 9 de novembro de 2026

ESTUDO OU TRABALLO DE INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introdución, obxectivos, metodoloxía, resultados, conclusións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN.** Presentará o tema de estudo e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira.
3. **HIPÓTESE E OBXECTIVOS.** Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA E CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Describirá o tipo de deseño, ámbito do estudo, poboación de referencia, criterios de inclusión e exclusión, captación e recrutamento, xustificación do tamaño da mostra, variables e instrumentos de medida, a intervención a realizar se procede, os proceso e as técnicas de recollida de datos e o método de análise utilizado. Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. Anexará o documento de aprobación do estudo por parte do Comité de Ética da Investigación (CEI) ou, de ser o caso, xustificará a non realización do procedemento de solicitude do requirimento de aprobación do CEI.
5. **RESULTADOS.** Presentará, de xeito claro, os resultados relativos ó problema de investigación. Poderá incluír gráficas ou táboas para o resumo da información obtida.
6. **DISCUSIÓN.** Presentará a interpretación dos resultados e os comparará coa evidencia dispoñible. Indicará as fortalezas e limitacións do estudo.
7. **CONCLUSIÓNS.** Presentará as conclusións extraídas da análise dos resultados e os futuros traballos ou liñas de investigación a desenvolver.
8. **BIBLIOGRAFÍA.** As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e/ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

DESEÑO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN CUALITATIVA

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: introdución, obxectivo/s, metodoloxía e limitacións do estudo, beneficios ou aportacións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN.** Presentará o tema de estudo e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo, considerando os cinco interrogantes fundamentais que atravesan o proceso de investigación (que? por que? como? debo? podo/quero?), e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira.
3. **PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN E OBXECTIVO.** Exporá a finalidade do estudo e/ou pregunta de investigación e os obxectivos do estudo, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA.** Describirá a metodoloxía e o enfoque metodolóxico. Aportará información sobre o entorno/lugar e factores contextuais, principais criterios da selección mostral e xustificación da mesma, método de acceso e captación de informantes, o criterio de selección das técnicas e instrumentos de recollida de información, o proceso de análise e interpretación dos datos e os métodos que se utilizarán para organizar os mesmos (tipo de codificación, árbore de codificación, software estatístico…).
5. **CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. Indicará o procedemento de solicitude ao Comité de Ética da Investigación (CEI), como requirimento previo á realización do estudo. De ser o caso, xustificará a non realización do procedemento de solicitude do requirimento de aprobación do CEI.
6. **LIMITACIÓNS E BENEFICIOS.** Describirá as posibles limitacións e beneficios que aportará o estudo.
7. **CRONOGRAMA.** Describirá de forma xeral o plan de traballo previsto para a realización do estudo, coas consideracións propias da investigación cualitativa.
8. **DIFUSIÓN DOS RESULTADOS.** Indicaranse todos os medios de difusión dos resultados da investigación, que deberán ser afíns á temática do traballo.
9. **MEMORIA ECONÓMICA.** Describirá de forma xeral o presuposto necesario para a realización do proxecto. Describirá as fontes de financiamento no ámbito da enfermaría.
10. **BIBLIOGRAFÍA**. As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ESTUDO OU TRABALLO DE INVESTIGACIÓN CUALITATIVA

1. **RESUMO.** O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introdución, obxectivos, metodoloxía, resultados, conclusións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN.** Presentará o tema de estudo e a súa contextualización A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo, considerando os cinco interrogantes fundamentais que atravesan o proceso de investigación (que? por que? como? debo? podo/quero?), e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira.
3. **PREGUNTA DE INVESTIGACIÓN E OBXECTIVO.** Exporá a finalidade do estudo e/ou pregunta de investigación e os obxectivos do estudo, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA E CONSIDERACIÓNS ÉTICAS.** Describirá a metodoloxía e o enfoque metodolóxico. Aportará información sobre o entorno/lugar e factores contextuais, principais criterios da selección mostral e xustificación da mesma, método de acceso e captación de informantes, o criterio de selección das técnicas e instrumentos de recollida de información, o proceso de análise e interpretación dos datos e os métodos que se utilizarán para organizar os mesmos (tipo de codificación, árbore de codificación, software estatístico…). Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. Anexará o documento de aprobación do estudo por parte do Comité de Ética da Investigación (CEI) ou, de ser o caso, xustificará a non realización do procedemento de solicitude do requirimento de aprobación do CEI.
5. **RESULTADOS.** Presentará de xeito claro os resultados e interpretación da situación estudiada coa suficiente información para poder avaliar a aportación do estudo. O texto pode ser en formato variable e incluír citas e/ou verbatim.
6. **DISCUSIÓN.** Presentará a interpretación dos resultados e os comparará coa evidencia dispoñible. Indicará as fortalezas e limitacións do estudo.
7. **CONCLUSIÓNS.** Presentará as conclusións extraídas da análise dos resultados e os futuros traballos ou liñas de investigación a desenvolver.
8. **BIBLIOGRAFÍA.** As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e/ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

Aprobado en Xunta de Escola do 9 de novembro de 2026

ESTUDO DE CASO

1. **RESUMO**. O resumo será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: introdución e obxectivo/s, desenvolvemento, discusión e conclusións e palabras clave. Estará escrito en galego, castelán e inglés.
2. **INTRODUCIÓN E OBXECTIVOS.** Presentará o tema de estudo e a súa contextualización. A xustificación estará argumentada de forma coherente e explicará a pertinencia da realización do estudo e a súa aportación ao saber da disciplina enfermeira. Os obxectivos estarán relacionados coa proposta de estudo e serán formulados de forma concisa.
3. **CONSIDERACIÓNS ÉTICAS**. Recollerá os aspectos éticos e legais seguidos para garantir a confidencialidade e o anonimato dos datos e as medidas aplicadas para tal fin. Especificará o proceso de solicitude de permisos da/o paciente/familia participante e, se é o caso, as alternativas apropiadas aos requirimentos da situación obxecto de estudo e a súa difusión.
4. **DESENVOLVEMENTO.** A estrutura deste apartado será: Valoración, diagnóstico, planificación e avaliación/seguimento. O apartado de planificación incluirá: priorización de problemas, resultados e indicadores, intervencións e actividades. Empregará a Taxonomía II de NANDA-INKA, a Clasificación de Resultados Enfermeiros (NOC) e a Clasificación de Intervencións Enfermeiras (NIC).
5. **DISCUSIÓN E CONCLUSIÓNS.** Os achados relevantes estarán claramente identificados e os resultados estarán descritos e xustificados. Analizará as limitacións e as dificultades, se houbese. Incluirá comparación ou relación fundamentada coas fontes da literatura científica. Identificará as implicacións prácticas e aportará recomendacións para a práctica clínica. As conclusións serán fundamentadas e reflectirán os obxectivos do estudo da situación clínica. Identificará posibles liñas de investigación que acheguen valor ao campo da enfermaría.
6. **BIBLIOGRAFÍA**. As referencias empregadas serán pertinentes, actuais e/ou de referencia na temática. Citaranse segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ANEXO II:

PORTADA DO TRABALLO FIN DE GRAO

GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 20__-__

TRABALLO FIN DE GRAO

Título (Arial 18, negriña, minúsculas, interliñado 1,5)

Nome e apelidos (Arial 14, negriña, minúsculas)

Director/a:

Presentación do traballo (mes/ano) (Arial 12, negriña, minúsculas)

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA